


# O Mosteiro de Lérez no espello da arte

Xaime Iglesias González



Plano actual do mosteiro de Lérez

A meirande parte dos actuais edificios do mosteiro de Lérez foi construída durante os séculos XVI, XVII e XVIII, inspirada en criterios renacentistas e barrocos. Son fundamentalmente a igrexa, a capela de san Bieito, a arcada do claustro e un edificio que albergou outras dependencias monacais. Pero a existencia deste mosteiro retrotráese, cando menos, ao século X, pois no ano 916, o rei de Galicia Ordoño II confirma a súa fundación no lugar de Espinareto<sup>1</sup>, outorgándolle a Guntado, o primeiro abade coñecido de Lérez, un couto cos seus vasalos e algúns obxectos sagrados. Da lectura do texto<sup>2</sup> que recolle este privilexio real despréndese que, nesta data, xa existía en Lérez unha comunidade de frades que había ter unhas dependencias para se acubillar e, se

cadra, unha igrexa onde rezar. A falta de documentación non nos permite saber como eran elas, pero de teren algún valor artístico, serían de estilo prerrománico, talvez galiciense. En calquera caso, estas primitivas instalacións foron substituídas por outras de estilo románico, máis axeitadas ás necesidades do convento e acordes coas súas posibilidades económicas, daquela en alza.

## Algúns vestixios medievais

Destas primeiras construcións non se conserva nada, a non ser os materiais que se reutilizaron, en especial, na fábrica da igrexa actual. En efecto, existen perpiaños con símbolos (cruces, cabezas de frecha, dobre escuadras...) dos canteiros medievais que traballaron nas antigas instalacións, así como algunhas datas e outras inscricións, concentradas maiormente na cabeceira e muro sur da igrexa. Neste paramento, cómpre

destacar un perpiaño alongado gravado con cadrados coas súas diagonais e medianas, así como unha inscrición (s. X ou XI)<sup>3</sup>, en dúas liñas, separada polo arrinque dun arco transversal do claustro e flanqueada por rosetas de seis puntas, que nos dá a coñecer en honra de quen se levantara a igrexa anterior.

Nesta mesma parede, tamén atopamos unha porta (hoxe cegada, que daba acceso á igrexa) coroada por un arco conopial, típico do século XV, aínda que tamén se empregou posteriormente. (Ver transcripción na páx 9).

Malia tratarse dun accesorio, cómpre citar unha pia esculpida en pedra, cuxa forma lembra a dunha cuncha de vieira, que se atopa no exterior do mosteiro para recoller o excedente de auga do convento e póla ao servizo de veciños e camiñantes. Pero séculos atrás, facía de lavatorio ao que acudían os frades para o aseo persoal, en especial, cando se dirixían ao refectorio procedentes dos seus traballos. A datación desta singular peza é controvertida, pois mentres se ten apuntado o século XVIII, outros sitúana no século XIV.

## Dúas xoias escultóricas

Da época medieval tamén se conserva unha escultura tardorrománica que representa a Xesús Salvador, que nos lembra o pantocrátor (todopoderoso) do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, obra do Mestre Mateu.<sup>4</sup>

<sup>1</sup> *Epinareto, Espinadelo e Canoso eran nomes que identificaban daquela o lugar onde se ergue o mosteiro de Lérez.*

<sup>2</sup> *Deste controvertido texto, utilizo a tradución ao galego de Álvarez Castro, X. e Álvarez, X. A. (Cedofeita, 1999, 19-24)*



Perpiaño reutilizado no muro sur da igrexa

<sup>3</sup> *Para F. J. Sánchez Cantón (1945, 92) e Ángel del Castillo (1972, 281) trátase dun resto prerrománico, mentres que para Bangó Torviso (1979, 183), é románico. En calquera caso, esta inscrición foi recollida por Ambrosio de Morales no século XVI e redescuberta en 1932 por Filgueira Valverde e Ángel del Castillo, debaixo de varias capas de cal. (Castillo, A. del, 1972, 280-281).*

<sup>4</sup> *Arquitecto e escultor da época románica que viviu entre os séculos XII e XIII. Traballou durante moito tempo na catedral de Santiago, sendo o Pórtico da Gloria unha das súas obras máis senlleiras. Discipulos do seu obradoiro organizaron, co paso de tempo, os propios talleres e realizaron obras por distintos puntos do noso país.*

A súa transcripción é:

*IN NE DE... HONORE SCI SALBATORIS ET SCE MA  
RIE VI... ET MARINA PELAGIO GONTATO ET BRIA FTR*

Lectura:

*IN NOMINE DEUS ET IN HONORE SANCTI SALVATORIS E SANCTAE MARIAE  
VIRGINIS E MARINA, PELAGIO, GONTATO ET BRIA FRATRES.*

Tradución:

*No nome de Deus e en honra de San Salvador e Santa María Virxe  
e dos frades Marina, Pelaio, Guntado e Brías.*



*Xesús Salvador*

Ambas figuras, sedentes, con barba e melena, amosan as mans sangrantes, a causa dos cravos de suxeición á cruz, e a ferida no costado, producida pola lanza que acabou coa súa vida. Pero a imaxe de Lérez non leva coroa, os pregues da túnica son, se cadra, menos elaborados e nos laterais da cadeira aparecen arcos apuntados, que de non seren tallados posteriormente, situarían a peza no século XIV. Con todo, as semellanzas permiten pensar que esta imaxe pétreo ten un inequívoco corte do románico compostelán e, con toda probabilidade, saíu da man dun dos discípulos do Mestre Mateu.

Actualmente, esta admirable figura está situada na capela de San Bieito sobre un pequeno pedestal, pero con anterioridade, estivo sobre a pia de auga bendita que se atopa á dereita, segundo se entra, pola porta principal de igrexa. Malia non haber dúbida da súa pertenza

ao mosteiro, non está claro cal foi o seu lugar inicial. Podería proceder da portada da desaparecida igrexa románica, xa fose no tímpano ou no parteluz, ou ser a figura central dun retablo pétreo, hoxe inexistente, que estaría situado no claustro ou, máis probablemente, na capela maior, xa que se trata do seu santo patrón (Filgueira Valverde (1942, 223). En calquera caso, a beleza da escultura e as súas grandes proporcións (1,60 m. de alto) permiten supoñer que a igrexa que a acubillaba debía ser ampla e fermosa. De non ser así, o mosteiro de Lérez non sería elixido para a celebración, en 1113, dunha cerimonia solemnísima, tal vez a máis brillante da súa historia, como foi a consagración dos bispos de Porto e Ourense, oficiada polo arcebispo de Braga, Don Mauricio, coa presenza de Diego Xelmírez, daquela aínda bispo de Santiago, outros prelados e membros da nobreza galega<sup>5</sup>.

Do retablo pétreo referido anteriormente procede a Virxe Branca (Millán, 1931, 36), fermosa imaxe que representa a Virxe co Neno no colo. Trátase dunha escultura renacentista (s. XVI), policromada e realizada en pedra calcaria de Coimbra polo escultor de orixe normanda Joao de Ruao.<sup>6</sup> De rostro xuvenil e pelo sobre os

<sup>5</sup> *Este acto estaba previsto celebralo na catedral de Tui, pero a negativa de Xelmírez a acudir a aquela vila alegando razóns de seguridade, propiciou que o arcebispo de Braga elixise Lérez (Abilleira, 2003, 24). Aínda así, a escola en segunda instancia non lle resta mérito ao noso mosteiro.*

<sup>6</sup> *O nome Joao de Ruao é a adaptación ao portugués do orixinal, Jean de Rouen. Rouen, capital da Normandía francesa, é a cidade onde nacera en 1500 este escultor, que se formou na Escola Renacentista de Coimbra. Do seu obradoiro saíran obras que se espallarán, principalmente, polo centro e norte do país veciño. A Virxe Branca fora atribuída anteriormente a Cornelis de Holanda.*

ombreiros, a Virxe preséntase con túnica, cinguida á cintura, que deixa ver os pés descalzos. Sobre a túnica, un manto recollido no brazo dereito e unha sobretúnica branca atada no centro do peito. O Neno, que semella xogar cunha pomba, non leva indumentaria, mostrando elaboradas formas anatómicas acordes coa idade e a postura. Aínda que a pedra calcaria de Coimbra foi utilizada en Galicia por diversos escultores, todo fai pensar que a Virxe Branca foi importada do país veciño (Briones, 2001, 366). Desaparecido o retablo pétreo, esta imaxe situouse na casa inferior dereita do novo retablo maior<sup>7</sup> (Millán, 1931, 35), ata que en 1933 foi trasladada ao Museo de Pontevedra para a súa restauración<sup>8</sup>, de onde non regresou maila remataren os traballos xa hai varios anos, pasando a ser unha das esculturas máis valiosas que exhibe este Museo. Son moitas as probas que testemuñan a pertenza desta singular peza á igrexa de Lérez, unhas de veciños, que saben, por transmisión oral, da súa presenza no retablo maior, e outras fotográficas nas que se pode identificar o retablo referido (Briones, 2001, 369), así como escritos de estudosos sobre noso mosteiro<sup>9</sup>.

<sup>7</sup> *Neste lugar loce actualmente a imaxe de Santiago que, hai uns anos, estaba no lado oposto, é dicir, na esquerda do retablo. A Virxe Branca ocupaba a casa da dereita. Tras o seu traslado ao Museo, substituíuna a Virxe da Candelaria (escultura do século XIX) que, desde 2002 aproximadamente, se encontra na casa inferior esquerda.*

<sup>8</sup> *Outra versión, tal vez menos probable, indica que a causa do traslado ao Museo de Pontevedra foi o medo a que bandas anticlericais republicanas profanasen a igrexa e destruisen esta peza. Pero, por que salvar esta peza e non outras igualmente valiosas? Ademais, é difícil de probar a existencia entre nós de bandas anticlericais.*

<sup>9</sup> *Entre eles poden citarse: José Millán (1931, 35 e 36), Filgueira Valverde (1942, 24), Angel del Castillo (1987, 281) e Sonsolés Martínez (2003,10)*



*A Virxe Branca*

## O claustro renacentista

Tras a súa fundación, o mosteiro de Lérez coñeceu séculos de observancia e prosperidade, pero chegado o século XIV, entrou en decadencia por diversas razóns, entre as que cabe citar o incumprimento da regra beneditina (*ora et labora*) por parte dos frades, a mala administración e os abusos dos abades comendatarios<sup>10</sup>. O resultado conduciu á degradación da vida conventual, á crise económica e ao deterioro dos edificios monacais. Houbo que esperar a 1540, ano da incorporación do noso mosteiro á Congregación de Valladolid<sup>11</sup>, para iniciar un proceso de recuperación da observancia, de reorganización do patrimonio e de administración eficiente que levarían á superación paulatina da crise económica. A mellora da economía permitiría comezar unha serie de obras imprescindibles, promovidas pola autoridade central, encamiñadas a facilitar a volta á disciplina conventual, a atender as necesidades derivadas do incremento do número de membros da comunidade<sup>12</sup> e a engrandecer o seu poderío. Con todo, a recuperación foi lenta, pois o abade reformado, Pedro Ortiz (1543-1549), fixo un novo dormitorio dos monxes (primeiras obra,



Arcada do claustro que se conserva

denominadas "de urxencia") grazas a fondos procedentes do mosteiro de Celanova<sup>13</sup> (Zaragoza, 1994, 413).

A obra de maior envergadura deste momento foi a construción de novo do claustro, lugar de especial importancia na vida monacal por ser un espazo de silencio, pregaría e meditación sobre os textos divinos que levarían os frades á vida celestial. Segundo Ana Goy (2005,106) as obras comezan en 1584 para levantar un claustro columnario (igual que o claustro grande de Ribas de Sil e o de Tenorio), un dos tipos claustrais do renacemento galego. Non hai certeza sobre a autoría da súa traza, pero varios indicios apuntan ao portugués Mateu Lopes<sup>14</sup>. A semellanza deste claustro co de Tenorio parece indicar que foron realizados pola mesma man e a presenza de Mateu Lopes traballando por aquel entón en Poio, St<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Pontevedra e no propio mosteiro de Tenorio (Vila Iato, 1993, 115, 116), así como a relación dos abades de Lérez con este arquitecto ao que encargan obras na igrexa de San Xoán de Dorrón<sup>15</sup> en 1584 e, cara a 1590, na condución de augas ao mosteiro, así como no refectorio e na cociña, dan pé a pensar que no claustro

do noso mosteiro está a man de Mateu Lopes, tal como sinala Goy Díaz (1999, 70; 2006,154).

Posiblemente fose un claustro de planta cuadrangular de reducidas dimensións, con patio axardinado cunha fonte-chafariz no centro, en cuxo deseño parece que tamén estivo comprometido Mateu Lopes (Goy, 1995, 552). Unha das súas esquinas debeu albergar a pia de auga referida anteriormente ao falar dos vestixios medievais.

Pero do claustro do mosteiro de Lérez só se conserva a arcada apegada ao lateral sur da igrexa. Consta de dous andares, cuxas galerías non están abovedadas, realizados de acordo cun dos modelos renacentistas do momento. Na aparte inferior podemos ver sete arcos de medio punto de sección semicircular que se apoian en capiteis de orde toscano sostidos por pequenas columnas cilíndricas monolíticas, con baseamentos que se asentan sobre un podio corrido. A parte alta consta de catorce arcos tamén de medio punto, que descansan sobre capiteis de orde composta (volutas do xónico e follas de acanto do corintio), sostidos por grandes e esveltas columnas monolíticas con baseamento semellante aos inferiores. En conxunto, esta arcada (seguramente tamén a parte desaparecida) xoga coa amplitude dos arcos das respectivas plantas (xogo rítmico común en varios patios da época), visible na duplicidade de soportes da parte superior, sinxelo recurso formal cheo de fermosura.

<sup>10</sup> *Os abades comendatarios apropiábanse de parte das rendas dos mosteiros a cambio dunha suposta protección e defensa dos seus intereses. Normalmente non eran frades nin vivían nos conventos. O seu desinterese pola vida conventual e polo patrimonio monacal foi unha das causas da ruína de moitos cenobios. O último abade comendatario do mosteiro de Lérez foi D. Fernando de Comeda, cónego de Pontevedra, cuxa renuncia, a cambio dunha pensión vitalicia, fixo posible a reforma do mosteiro lerezán e a súa incorporación á Congregación de Valladolid en 1540.*

<sup>11</sup> *A incorporación dos mosteiros galegos á Congregación de Valladolid significou a volta a observancia da regra beneditina (obediencia, castidade, clausura, hábito, etc.) e a superación da crise económica en base á reorganización dos seus patrimonios e á eficaz administración. Pero non todo foron vantaxes. Desapareceron varios mosteiros, os que quedaron perderon autonomía e as comunidades foron castelanizadas (Fernández Cortizo, 2005, 63) Ademais, progresivamente foron converténdose en símbolos do poder terrenal, afastados da austeridade e pobreza que tiveran nos primeiros tempos (Goy, 2005, 101) e, dedicados ao culto e aos labores económicos cuxos beneficios empregaban na súa alimentación e en luxosas construcións, perderon a relación co mundo que os rodeaba. (Carballo, 1995, 99).*

<sup>12</sup> *En 1488, o convento de Lérez contaba con seis membros; en 1560 con 12. (Fernández Cortizo, 2005, 64)*

<sup>13</sup> *O mosteiro de Lérez beneficiouse da disposición que, en 1541, adoptou o xeneral da orde beneditina, no senso de que o mosteiro de Celanova contribuíse ás obras do de Lérez con 60.000 maravedís, repartidos en seis anos, en compensación por antigos favores recibidos.*

<sup>14</sup> *Mateu Lopes, arquitecto portugués natural de Viana do Castelo, viviu entre os s. XVI e XVII e traballou no norte do seu país e en Galicia. O seu estilo recargado non foi impermeable ás novas correntes austeras procedentes do sur. As súas intervencións máis destacadas están na zona de Pontevedra (Santa María, Poio, Dorrón, Tenorio, Lérez) e en san Martiño Pinarío de Santiago.*

<sup>15</sup> *Esta igrexa pertencía ao couto de Dorrón, doado ao mosteiro de Lérez polo rei Afonso VII en 1139.*



*Arcada do claustro, parte inferior*

Na parede da igrexa a carón do extremo oeste desta arcada vense as pegadas sobre as que arrincaría a arcada perpendicular e, no outro extremo consérvase o arranque da arcada do costado oriental.

Dadas as pequenas dimensións do patio, tense apuntado que o claustro podería estar aberto cara ao río, circunstancia hoxe descartada, pois en tempos do abade Felipe Martínez (1818-1824) *Se hizo un retejo general en los cuatro lienzos (del claustro) asegurando las tejas con cal*<sup>16</sup>, que deixa claro que se trataría dun claustro cerrado como corresponde á súa etimoloxía e función.

Da época renacentista tamén son o pasadizo de acceso ao patio procesional realizado en 1637 é a escaleira pétreo, iluminada por un ollo de boi, que comunica as partes inferior e superior do claustro, así como outras dependencias abaciais superiores.

<sup>16</sup> *Estado de San Salvador de Lérez. Año 1824. Libros de estados de Santo Domingo de Silos. Opus monasticorum. Xunta da Galicia. 2005. páx. 581.*

## Outras dependencia monacais

A necesidade de celas individuais substitutivas dos anteriores dormitorios colectivos (necesidade relacionada coa reorganización da vida comunitaria) sumada a que no ano 1661, o Capitulo Xeral da Congregación concede ao mosteiro de Lérez un Colexio de Artes para a formación do clero<sup>17</sup>, xustifican que nos últimos anos do século XVI e ao longo do XVII se continuase a realizar obras para acubillar profesores e alumnos e dispoñer de espazos para celas, aulas, biblioteca e escritorio. É probable que na realización destas obras se aproveitasen tramos de paredes e partes da cimentación de antigas fábricas medievais.

Aínda que con reformas posteriores, algunhas destas dependencias e mais outras chegaron ata nós organizadas en torno a un patio en forma

<sup>17</sup> *Os Colexios de Artes daquela época impartían ensinanzas semellantes ao que hoxe entendemos como Humanidades e Filosofía. Só había en Galicia outros dous colexios coma o de Lérez. Este chegou a ter un grande prestixio, pois algúns dos seus alumnos foron abades doutros mosteiros, e outros, como o Padre Feijoo, acadaron renome internacional.*

de U, aberto cara o oeste e cerrado posteriormente mediante un muro. Malia o dito, algunhas pegadas nas paredes norte e sur do actual patio poden indicar a perda da ala oeste o que significaría que noutrora puido ser un patio rectangular pechado. En calquera caso, trátase dunha edificación de dous corpos, aínda que se observa facilmente a desaparición dunha parte da planta superior, onde probablemente estiveron as aulas, o escritorio e algunhas celas. A zona superior que se conserva está dedicada actualmente a casa reitoral e a salón parroquial.

Na planta baixa poden identificarse a cocina coa súa cheminea e, a continuación, situaríase o refectorio (comedor). Na reforma de ambas dependencias interveu o arquitecto Mateu Lopes<sup>18</sup> cara a 1590 (Goy, 1995, 138). Noutro habitáculo estivo a bodega<sup>19</sup> talvez compartindo espazo coa despensa e, a continuación, situaríase a sala capitular<sup>20</sup>. Non temos constancia da utilidade da ala norte desta planta, pero, dada a súa situación respecto do resto do mosteiro, ben puido ser a hospedería. Tampouco sabemos onde puideron estar situadas outras dependencias como a enfermería, a botica, a panadería, os talleres, a escola de nenos (habilitada 1824)<sup>21</sup>, as cortes e os almacéns, pero seguro que as había, pois os mosteiros funcionaron durante séculos como centros pechados de produción e consumo, tendo na terra a súa principal fonte de ingresos. En fotografías de finais do século XIX podemos ver un hórreo e un pombal na eira situada ao sur do mosteiro.

<sup>18</sup> *Ver nota nº 13.*

<sup>19</sup> *Alguns veciños aínda recordan o momento en que se retiraron os lagares deste compartimento.*

<sup>20</sup> *A sala capitular era o lugar de reunión dos frades (capítulo) baixo a dirección do abade. Nestas xuntanzas determinábanse os traballos de cada día, expoñíanse os problemas da comunidade e analizábanse os proxectos futuros. Ademais, os monxes realizan confesión pública e reciben pública penitencia.*

<sup>21</sup> *Libro de los Estados de Santo Domingo de Silos. Corpus documental. Estado del año 1824. En Opus monasticorum. Patrimonio, arte, historia y orden. Xunta de Galicia. 2005.*



*Vista do mosteiro de Lérez*




Cociña

Exteriormente, esta edificación presenta paramentos de perpiaños labrados con absoluta sobriedade nos que o ornamento queda reducido aos ocos das fiestras e balcóns, amosando o conxunto unha marcada sinxeleza formal<sup>22</sup>. Pero imos deternos brevemente na portada do muro de cerramento do patio antes referido e na parede contigua que presentan certas particularidades dignas de comentar.

O primeiro é maioritariamente de cachotería, pero no centro destaca a portada labrada que dá acceso ao patio. Imaxe 9. Portada do muro de cerramento do patio. Consta dun portal coroadado por un arco de medio punto, flanqueado por pilastras afundidas e, na parte superior, unha cornixa horizontal. Sobre ela un corpo en forma de podio cun pináculo en cada extremo e outro no centro que leva a inscrición "1663", data que pode indicar o ano de execución. Na parte central dese corpo, que é máis alta que as laterais, sitúase o escudo da casa, timbrado con coroa real, no que se distinguen unha torre e un león separados por un báculo abacial. Na parte inferior pode lerse "In aeternum et ultra" (Na eternidade e máis alá). Esta portada estivo ata comezos do século XX no muro, hoxe inexistente, que cerraba a zona do mosteiro, como aínda sucede actualmente noutros cenobios da nosa contorna.

Ao lado deste muro de cerramento,

<sup>22</sup> A parede este destas dependencias ten certa seme-lanza co muro de cerramento do mosteiro de san Paio de Antealtares de Santiago, que dá á praza da Quintana (sobriedade, aberturas reservadas á parte superior) atribuído tradicionalmente a Mateu Lopes. Mais, Goy Diaz (2004, 26) afirma que o muro compostelán é un proxecto de Fernández Lechuga realizado polo seu aparelador Jácome Fernández, o Novo, en 1641.



Portada do muro de cerramento do patio

pode observarse a falta da planta superior, hoxe substituída por unha varanda de ferro sostida por pilastras decoradas e rematadas en pináculos que se sitúan nas esquinas. Imaxe 10. Fachada oeste cun escudo sobre a fiestra. Na parede existente (a inferior), sobre a fiestra, está adornada con outro escudo que amosa dous leóns e dúas torres, timbrado con coroa real. E no ángulo superior dereito da referida parede, atópase unha placa que lembra a estancia no mosteiro de dous personaxes<sup>23</sup> ilustres, colocada

<sup>23</sup> *Ainda que frei Sarmiento visitou o mosteiro de Lézrez e estivo na súa biblioteca, non hai constancia de que fose alumno do Colexio de Artes nel existente (Carballo, 2008, 20-21). Tampouco consta que fose profesor. Esta placa estivo con anterioridade nun ángulo da portada antes referida, lugar, sen dúbida, menos indicado.*



Fachada oeste cun escudo sobre a fiestra

a finais do século XIX por iniciativa da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Na referida placa pode lerse:

LOS RR. PP. MM. FR. MARTÍN  
SARMIENTO  
Y FR. JERÓNIMO FEIJÓO  
GLORIAS DE GALICIA Y DE LA  
RELIGIÓN  
BENEDICTINA, ESTUDIARON ARTES  
EN ESTE CONVENTO Y COLEGIO.

## A capela de San Bieito

Os beneficios, procedentes principalmente das terras aforadas a campeesinos, fixeron posible que o mosteiro de Lézrez reconstruírse as súas dependencias. Despois de realizar o claustro e as instalacións que lle permitiron acubillarse, organizar os traballos e administrar os bens, tocáballe a vez aos lugares de oración: a capela de san Bieito e a igrexa.

A capela dedicada ao fundador da orde beneditina é unha recollida edificación, de planta cadrada, que interiormente presenta unha sinxeleza plástica que nos permite gozar da beleza dos elementos arquitectónicos, que amosan unha austeridade do máis puro clasicismo, aínda que foi construída en pleno desenvolvemento da arte barroca. Os muros alternan o gris pétreo das pilastras arrimadas coa lisura do paramento revocado e pintado de

branco. Neles ábrese cinco vans alintelados: tres fiestras, unha delas cega, e dúas portas, unha comunica coa sancristía e outra co exterior.

Sobre catro pilastras que se dispoñen formando un cadrado, sitúase unha sinxela pero decorativa imposta corrida e catro arcos de medio punto que conforman as pendentes sobre as que se sustenta a cúpula (media laranxa) caracterizada pola súa nudez, pero que lle dá á capela un efecto nobre. A cúpula remata nunha lanterna que contribúe á iluminación interior a través do óculo cenital.<sup>24</sup>

O acceso desde a nave da igrexa cóbrese cunha pequena bóveda de canón que igualmente amosa unha evidente sinxeleza formal.

Exteriormente destaca a lanterna hexagonal, cunha fiestra en cada lado, que remata nun casquete coroadado por un pináculo. Na parede norte, pódense ver os restos do chapado onde remataba a cuberta da desaparecida sala de autopsias, que funcionou ao seu carón ata que o cemiterio se trasladou desde a proximidades do adro ata o lugar actual.

24 *Este óculo (ollo redondo) talvez estea na orixe do verso da cantiga popular que cualifica o santo titular da capela como "Sambinitio do ollo redondo". Non é frecuente que alguén (mesmo unha imaxe) teña un só ollo redondo e, de ter dous, a cantiga diría "dos ollos redondos".*



Capela de San Bieito

No referente á cronoloxía, observamos que no lintel da porta que comunica co exterior pódese ler -AÑO 1700-, o que nos indica que por aquel entón a capela estaba en obras. Daquela, é posible que estas comezasen na segunda metade do século XVII e rematase o groso delas a comezos da centuria seguinte, probablemente antes de comezar as obras da actual igrexa. Con todo, sendo abade Ysidoro Estévez (1781-1785) *Se enlosó de piedra de cantería toda la capilla de Nuestro Padre San Benito, haciendo en ella las sepulturas para el entierro de los monges.*<sup>25</sup> Efectivamente, aínda hoxe se poden ver as tampas dos enterramentos como a do Padre Beda ao pé do altar.<sup>26</sup>

Malia descoñecermos que arquitecto realizou as súas trazas, certas analoxías con outras capelas (Virxe do Carme da igrexa parroquial de Rianxo ou Virxe da O da igrexa de Mondoí, Oza dos Ríos, ambas na provincia da Coruña, inclinan a pensar que pode ter relación co entallador barroco Bernardo Cabrera<sup>27</sup> que nos últimos anos da súa traxectoria tamén traballou en proxectos arquitectónicos (Goy, 1999, 71).

## A igrexa

Na vida monacal, unha das ocupacións máis importantes eran os rezos e, aínda que os frades rezaban en diversos lugares e ocasións, o espazo de oración por excelencia era a igrexa,

25 *Estado de San Salvador de Lérez. Año 1785. Libros de estados de Santo Domingo de Silos. En Opus monasticorum. Xunta da Galicia 2005. páx. 452.*

26 *Se cadra, na cantiga popular Ao san Benito de Lérez/lo que lle foron armar/que tiña un homiño morto/debaixo do seu altar;o "homiño morto" do terceiro verso refírese á tumba do padre Beda, situada ao pé do altar de san Bieito. A alternativa a este verso, "que tiña un bo viño mosto", é, na realidade, pouco probable, xa que se é viño non é mosto.*

27 *Bernardo Cabrera, entallador galego do século XVII, tamén se dedicou á arquitectura nos últimos anos. A súa vida estivo ligada a Oseira (en cuxo mosteiro levou a cabo varias intervencións) e posteriormente a Santiago, onde realizou o retablo da capela das Reliquias da basílica compostelá, concluído en 1633, que amosaba as primeiras columnas salomónicas peninsulares, anunciadoras do barroco.*



Lanterna da capella de San Bieito

por iso, debía ser un dos edificios sobranceiros dos mosteiros.

A actual igrexa do mosteiro de Lérez foi construída sobre o mesmo lugar que ocupaba a anterior, de estilo románico. Dela aproveitáronse os cimentos, probablemente algúns treitos das paredes laterais e maioría dos materiais graníticos.

A fachada presenta unha estrutura sinxela configurada por un corpo central e dúas torres que a flanquean. O corpo artículase sobre un eixe vertical con alternancia van macizo (recurso do barroco galego tomado do arquitecto madrileño Pedro de Ribera) determinado pola porta principal, o fornello de san Bieito, unha fiestra rectangular e o escudo de España ao que segue o elaborado remate.

A porta principal está enmarcada por resaltes, que destacan nos ángulos superiores, e con pequenas oreilleiras nos inferiores. O fornello de san Bieito, que remata nun arco de medio punto que descansa sobre pilastras, leva na parte inferior un sainte, a modo de cornixa, sobre a que se asentan as placas laterais que, resaltando do paramento, pretenden ser pequenas pilastras rematadas en pináculos. A cada lado aparecen unhas oreilleiras de corte *vig-nolesco*, motivo renacentista utilizado no barroco, de certa semellanza coas

da fachada do mosteiro de san Martiño Pinarío de Santiago, da autoría de Fray Gabriel Casas. Dentro do fornello, sobre un pedestal, está a imaxe pétreo de san Bieito cos seus atributos: libro da regra da orde beneditina, báculo e mitra abaciais e un corvo cun pan no peteiro<sup>28</sup>. A fiestra rectangular permite a entrada de luz ao interior da igrexa e está encadrada con resaltes de semellante factura aos da porta principal. O escudo, recurso decorativo frecuente na época barroca, interrompe a imposta que percorre toda a fachada e, lateralmente, os muros das torres. Correspóndese co escudo de España daquel momento, acuartelado en cruz con dous leóns rampantes e dúas torres, timbrado por unha coroa real. Aмосa unha orla decorativa da que pende un vélaro de ouro, símbolo da monarquía española.

As torres, que teñen a súa pegada en planta, son totalmente lisas a non ser na parte superior onde, co frontón

<sup>28</sup> *San Bieito leva na man esquerda a regra da orde beneditina á que pertence o mosteiro. O báculo abacial é símbolo de mando. A mitra situada na parte inferior indica humildade e desprezo dos bens mundanos; tamén pode dar a entender que o santo rexeitou ser bispo. O corvo co pan no peteiro lembra o relato do pan envelenado que recibiu san Bieito dun sacerdote que o envexaba. Por orde do santo, o corvo levou o pan a un lugar onde ningún puidese atopalo.*



Fachada da igrexa de Léz

forman, o conxunto máis plástico e orixinal da fachada. Son de planta cadrada e na parte superior presentan dous corpos. O primeiro con fiestras rematadas en arcos de medio punto e pináculos nas esquinas e o segundo, máis baixo, tamén con pináculos nas esquinas, remata nun casquete dividido por catro resaltes con volutas e coroado por un pináculo.

O frontón preséntase particularmente barroco: pártese e retórcese en volutas de gran forza expresiva; tamén está adornado con pináculos rematados en bólas e, situado na zona central, pode verse un gran medallón gravado coa data MDCCXLVIII (1748), que nos dá pistas da cronoloxía da igrexa.

Na descrición desta fachada pode notarse que a mobilidade plástica aumenta de abaixo cara arriba: a porta principal con simples resaltes e o fornello de san Bieito, lixeiramente máis movido, culminan no tímpano, labrado con gran destreza e orixinalidade que parece esvaerse no ceo. A gran diferenza de factura entre esta última parte e a zona inferior conduce a pensar que ambas zonas poden corresponder a dous mestres diferentes.

A igrexa consta dunha soa nave rectangular cuberta por unha bóveda, de menor altura no presbiterio, revocada e pintada de branco, sostida por arcos faixóns lisos, de sección rectangular que descansan sobre pilastras arrimadas, tamén de sección rectangular, reforzadas ata media altura, que se erguen sobre baseamentos de sinxelas molduras. A bóveda presenta lunetos, recurso barroco herdado da época renacentista, con ventás alinteladas (axudan a iluminar o interior) sobre as que se sitúan respectivos arcos de medio punto que as ennobrece ao tempo que delimitan a parte máis ampla dos lunetos. Nótense os arcos faixóns e as pilastras que os sustentan.

O interior presenta unha grande sobriedade e sinxeleza arquitectónica, reservando a ornamentación aos retablos que representan con expresividade alegorías relixiosas. O mesmo que a bóveda, as paredes están revocadas e pintadas de branco para contribuir á claridade interior.

Aos pés do templo, sitúase o coro alto, imprescindible na liturxia das "horas canónicas", sostido por tres arcos esaxeradamente rebaixados que descansan sobre catro pilastras arrimadas e dúas exentas. Lateralmente, o coro prolóngase en balcóns sostidos por fortes ménsulas onduladas, decoradas por estrias e pequenas rosetas de seis e oito pétalos.

Inmediatamente despois do presbiterio, na parede norte, ábrese o acceso á capela de san Bieito. Trátase dun van coroado por un arco de medio punto con clave decorada, sobre o que, máis arriba, se sitúa outro tamén de medio punto que descansa sobre unhas ménsulas das que penduran unhas placas de recortadas formas xeométricas, dando a sorpresiva sensación barroca de que o arco queda flotando no aire. Idéntica disposición atopamos á mesma altura na parede sur, coa diferenza que aquí, a porta, que dá ao claustro, é alintelada.

Nas grandes pilastras do arco de triunfo que separa o presbiterio do resto da nave atopamos placas verticais que rematan en formas



As torres e o frontón forman a parte máis plástica da fachada

xeométricas. Tamén se poden ver rebaixes rectangulares co lado inferior curvo para adaptarse aos arcos de medio punto que, sostidos por pilastras albergan pequenos retablos. En todo o interior da igrexa observamos un motivo recorrente no barroco como é a imposta corrida que nas pilastras funciona de capitel e, onde se interrompe a causa dos lunetos, remata en tímidas volutas.

Non podemos precisar con exactitude as datas de comezo e finalización da igrexa, pero podemos afirmar que se construíu en pleno desenvolvemento da arte barroca e é no estilo barroco onde podemos encadrala. Sabemos que en 1725 estaba en obras, pois no Capítulo General do tres de maio dese ano, acórdase que non haxa clases no colexio entanto non se remate a fábrica da igrexa (Folgar, 2005, 200). Na referida inscrición do medallón da fachada (MDCCXLVIII -1748-) sinálanos que uns anos despois deberon rematar as obras.

Tampouco hai base documental para determinar a autoría desta obra. Non obstante, atendendo as solucións arquitectónicas e ornamentais adoptadas, Goy Diz (1999, 72) apunta que a zona elevada da fachada (frontón partido e torres) pode ser obra de

Fray Plácido Iglesias<sup>29</sup>, arquitecto beneditino vencellado ao mosteiro de Celanova, que gustaba de empregar unha plástica de gran forza expresiva a partir de elementos de inspiración vexetal conxugados con placados, idea que comparte Folgar de la Calle (2005, 201) quen, ademais, ve como posible a man deste arquitecto en certos elementos da cabeceira como as ménsulas con placas e o arco de triunfo do presbiterio, en cuxo caso, o remate da obra da igrexa habería que situalo na década de 1760.

O mosteiro de Léz foi declarado monumento histórico-artístico en 1946, en base á súa privilexiada situación, nun outeiro á beira do río Lerez, de extraordinaria beleza; á antigüidade e interese da súa historia, así como ao colexio de Artes por onde pasaron insignes persoeiros; e á súa arte da cal pretendemos dar conta neste artigo.

## Bibliografía

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. "Un texto do século XII sobre a presenza do bispo Xelmírez en Léz". Revista "Cedofeita" nº 7. Léz, 2003.

ÁLVAREZ CASTRO, X., ÁLVAREZ, X. A. "Doazón do Mosteiro de San Salvador de Léz polo Rei Ordoño II" Revista "Cedofeita" nº 3. Léz, outubro, 1999.

BANGO TORVISO, I. G. "Arquitectura románica en Pontevedra" Fundación Pedro Barrie de la Maza. A Coruña, 1979.

BRIONES VÁZQUEZ, S. "Restauración de la Virgen Blanca del Museo de Pontevedra". Revista "El Museo de Pontevedra", nº 55. Pontevedra, 2001.

CARBALLO CARBALLO, F. "A Igrexa galega". Ed. A Nosa Terra. Vigo, 1995.

CARBALLO CARBALLO, F. "Frei Martín Sarmiento e o mosteiro de Léz". Revista "Cedofeita" nº 12. Léz, 2008.

CASTILLO, A. del. "Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia". Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago de Compostela, 1972.

<sup>29</sup> *Frei Plácido Iglesias, monxe beneditino do mosteiro de Celanova, naceu na Terra de Montes. Destacan os seus traballos na igrexa de santa Eufemia de Ourense, no santuario dos Milagros de Vide e as varias intervencións no mosteiro de Celanova. Discipulo dos grandes arquitectos do barroco compostelán, no seu estilo domina o tipo decorativo de enmarques avolutados, as placas semicirculares e os elementos naturalistas.*

FERNÁNDEZ CORTIZO C. "La orden de San Benito en la Galicia de la Época Moderna: La reforma de la Congregación de Castilla y las visitas generales" e "Los «estados» cuatrienales y la economía de los monasterios beneditinos gallegos en la época moderna". En "Opus monasticorum. Patrimonio, arte, historia y orden". Xunta de Galicia. 2005.

FILGUEIRA VALVERDE, J. "Dos obras de la escuela del Maestro Mateo" Revista "El Museo de Pontevedra", tomo 1. 1942.

FILGUEIRA VALVERDE, J. "El escultor Cornelis de Holanda en Pontevedra" Revista "El Museo de Pontevedra", tomo 1. 1942.

FOLGAR DE LA CALLE, M.C.. "La eclosión del barroco" En "Opus monasticorum. Patrimonio, arte, historia y orden". Xunta de Galicia. 2005.

FONTOIRA SURIS, R. . "Riqueza monumental de la provincia de Pontevedra y el Camino de Santiago. Vol I e II. Deputación de Pontevedra 2010.

GARCÍA IGLESIAS, JM. "Bernardo Cabrera, arquitecto y entallador del Barroco gallego". En Estudios sobre Historia del Arte ofrecidos al profesor Dr. D. Ramón Otero Túñez e su 65 cumpleaños. U.S.C. 1963.

GOY DIZ, A. "La arquitectura en Galicia en el paso de Renacimiento al Barroco". Universidade de Santiago de Compostela. 1995.

GOY DIZ, A. "La arquitectura monástica en la provincia de Pontevedra en la Edad Moderna" En "Pontevedra no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas". Deputación de Pontevedra.1999.

GOY DÍAZ, A. "Artistas galegos. Arquitectos. Séc. XVII-XVIII". Nova Galicia Edicións. Vigo. 2004.

GOY DÍAZ, A. "Artistas galegos. Arquitectos. El Renacimiento. Nova Galicia Edicións. Vigo. 2006.

GOY DIZ, A. "El resurgir de los monasterios en el Renacimiento". En "Opus monasticorum. Patrimonio, arte, historia y orden". Xunta de Galicia. 2005.

MARTÍNEZ JIMÉNEZ, S. *Informe para a redeclaración de Ben de Interese Cultural o Mosteiro de San Salvador de Léz e o territorio que o rodea*. Universidade de Santiago de Compostela, 2003.

MILLÁN, J. *Recuerdos del Monasterio de Léz*. Imp. de "La Correspondencia". Pontevedra. 1931.

RIAL LÓPEZ, C. "El Monasterio de Léz y su Colegio de Artes. Edita: Monasterio de Léz. Pontevedra, 2008.

SÁNCHEZ CANTÓN, F. J. "Informes académicos sobre Oca y Léz" (El monasterio de Léz) Revista "El Museo de Pontevedra", tomo 3 (1944-1945) Ed. Facsimilar. 2000.

VILA JATO, M<sup>a</sup> D. "A época do Renacemento". T. XII (Arte). Ed. Hércules. A Coruña, 1993.

ZARAGOZA Y PASCUAL, E. "Abadologio del monasterio de Léz (siglos XVI-XIX) En "El Museo de Pontevedra" nº 48. 1994.



Coro alto aos pés da igrexa. Nótense os arcos faixóns e as pilastras que os sustentan